

CURSOS DO CIOV 2018-2019

IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO NARRACIÓN ORAL

A Concellaría de Normalización Lingüística, a través do CIOV, continúa cos cursos de achegamento á improvisación oral e á narración oral.

Tal e como vimos facendo noutros anos, as aulas van programarse desde outubro a maio/xuño, curso 2018-2019, en horario de tarde. O CIOV está no camiño do Chouzo, 2, no Instituto Municipal de Educación (IME)-aula 17.

Os cursos son gratuítos.

Na web: snl.vigo.org na sección CIOV teñen as programacións dos dous cursos: *Narración oral* e de *Improvisación oral en verso*

PRAZO PARA SE INSCRIBIR: a partir do LUNS 17 DE SETEMBRO

Deberán CUBRIR e ENVIAR A FICHA QUE SE ACHEGA cos datos por correo electrónico ao enderezo: snl.actividades@vigo.org. (Non se admitirán fichas incompletas ou enviadas antes do citado prazo).

CURSO DE IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO



Achegamento á improvisación (regueifas, brindos, xaneiras...) por conta de Kike Estévez e Josinho da Teixeira.

Datas (mércores):

17, 24, 31 de outubro; 7, 14, 21, 28 de novembro;
12 de decembro do ano 2018
9, 16, 23, 30 de xaneiro; 6, 13, 20, 27 de febreiro;
13, 20, 27 de marzo; 3, 10, 24 de abril; 8, 15, 22, 29
de maio; 5 de xuño do ano 2019

Horario: de 18:00 a 20:00

CURSO DE NARRACIÓN ORAL



Narración oral (contos, lendas, historias populares...) por conta de Ana Carreira, Paula Carballeira e Raquel Queizás.

Datas (xoves):

Ana Carreira: 18, 25 de outubro; 8, 15, 22, 29 de novembro do ano 2018 (horario: de 16:00 a 20:00)

Paula Carballeira: xoves de xaneiro, febreiro e parte de marzo do ano 2019 (horario: de 16:00 a 20:00)

Raquel Queizás: xoves de parte de marzo, abril e maio do ano 2019 (horario: de 17:00 a 20:00)